**VENTO, VENTIÑO, VENTEIRO** é un libro de poemas de Antonio García Teijeiro, un escritor de Vigo que está namorado da poesía.
As ilustracións están feitas por María Lires, unha ilustradora de A Coruña.




1. Arrastra as palabras que se escaparon do poema e colócaas no seu lugar.

Están moi cansas as barcas
aló no medio do ______
Semella que están durmindo
E non queren ______
O vento está a acariñalas
Cos seus ______ pillabáns.
As barcas están ______
E parecen non notar
Os aloumiños e ______
que o ______ lles quere dar.

Dormen as ______ cansadas
Aló no medio do mar.

espertar.

durmidas

mar.

barcas

vento

beixos

dedos

2. Le o poema con calma. Despois une cada tipo de baile coa rexión onde se baila.

Baila o vento coas nubes
unha danza de algodón.
Talvez sexa unha sardana,
a muiñeira ou charlestón.
Molla a chuvia os bailaríns
cunhas pingas de colores.
Eles danzan ben felices
sobre unha alfombra de flores.



| | |
|---|---|
| Sardana | Galicia |
| Muiñeira | EEUU |
| Charlestón | Cataluña |

3. Le o poema e responde ás preguntas:

Un ventiño ten Antón
ben agochado na man.
Pídenllo moitos rapaces;
el non o quere soltar.
Noa, ruliña xeitosa,
faille cóxegas nos dedos.
A man ábrese ditosa.
O vento foxe lixeiro.

- Que ten Antón na man?
- Quen llo pide?
- Onde lle fan cóxegas?
- Como foxe o vento ao final?

4. Le o poema da páxina 20 "Sei dun vento mentireiro" e despois une cada palabra coa súa definición:

| | |
|---|---|
| trabalinguas | Narración de feitos fantásticos e aventuras que se contan de maneira oral, para entreter, ou por escrito, como un relato literario breve. |
| contos | Composición cantada. |
| adiviñas | Palabra ou conxunto de palabras que resulta difícil de pronunciar sen se trabucar e que pode servir de xogo. |
| cantares | Enigma ou pregunta enxeñosa para entreterse en acertar a resposta. |

5. Completa este poema coas palabras de Antonio G. Teijeiro. Intenta recordalas.

Vento, ventiño, venteiro

____________________

Vento, ventiño, ventón

____________________

Vento, ventiño, venteiro

____________________

Vento, ventiño, ventón

____________________



6. Arrastra o final de cada estrofa para colocala no seu lugar:

Vento, ventiño,
que vés do norte,
sabes de todo.

[ ]

Vento, ventiño,
que vés do norte,
voas ben alto,

[ ]

Vento, ventiño,
que vés do norte,
nesta terriña

[ ]

Vento, ventiño,
que vés do norte,
dorme comigo,

[ ]

Vento, ventiño,
que vés do norte,
dános un beixo

[ ]

berran moi forte.

fíxose noite.

voas ben lonxe.

Tes moita sorte.

cálido e doce.



7. Completa o poema coas palabras seguintes:

sur –tolo – prata – feliz – ollos – nácara – durmir - azul

Había un ventiño
que non tiña __________
Había un ventiño
con cara de __________

Había un ventiño
vestido de __________
Había outro vento
que viña do __________

Había un ventiño
con lentes de __________
Había outro vento
con lentes de __________

Os ventos que había
están a __________
Calade, meniños,
a noite é __________

8. Busca nomes de animais que aparecen no libro "Vento, ventiño, venteiro" dentro desta sopa de letras.

RULIÑA – REISEÑOR – PEIXIÑO –ANDORIÑA – MERLO – GAIVOTA – CEBRA – ARAÑA – PARDAL – ABELLA

| | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| O | G | Y | A | P | L | S | M | E | R | L | O | C | I |
| Z | H | B | C | H | L | C | M | H | H | J | Z | E | O |
| V | Q | L | A | B | E | L | L | A | Q | N | Q | B | E |
| Y | L | S | X | A | R | A | Ñ | A | G | G | Q | R | V |
| V | Q | X | I | J | S | M | N | D | Y | A | A | A | Q |
| F | N | O | P | K | I | P | Q | U | X | I | N | F | J |
| R | Q | W | R | W | F | K | T | D | I | V | H | M | T |
| Q | R | E | I | S | E | Ñ | O | R | C | O | Y | J | J |
| O | R | M | V | W | W | S | K | P | Z | T | A | Q | J |
| A | N | D | O | R | I | Ñ | A | U | B | A | Z | S | P |
| F | Z | Y | B | G | D | V | Y | M | M | T | V | T | K |
| X | L | L | O | O | B | K | P | E | I | X | I | Ñ | O |
| T | M | C | E | B | P | H | X | R | U | L | I | Ñ | A |
| A | P | A | R | D | A | L | O | P | R | P | D | D | C |